



FICHA DE INSCRICIÓN PARA PERSOAS NON ESCOLARIZADAS

O concello de Pontevedra coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pon en marcha durante os meses de xullo e agosto unha serie de actividades para a prevención do abandono escolar dirixido aos rapaces/as de entre **16 e 24 anos** que abandonaran o sistema educativo:

Preparación das probas libres do título da ESO: as persoas maiores de 18, ou que os cumpran dentro do ano en curso, poderán recibir clases de apoio para preparar as probas libres de consecución do título da ESO que se celebrará en setembro. Estas clases impartiranse os **luns, mércores e venres** durante tres horas nalgũa das dependencias municipais.

Orientación persoal e académica: as persoas participantes terán a posibilidade de traballar individualmente ou en grupo cunha profesional diversos temas relacionados con aspectos máis persoais que inflúen na súa motivación e benestar e coa orientación académico e laboral: busca de emprego; itinerarios profesionais, habilidades sociais, recursos persoais...

Se estás interesado/a en participar nalgũa das actividades deberás marcar a opción ou opcións que desexes, cubrir os teus datos persoais pola parte de atrás desta folla e asinar ti, e/ou o teu titor/a legal se es menor de idade, a autorización da utilización dos mesmos.

As prazas son limitadas e a inscrición deberá entregarse antes do **22 de xuño** no Departamento de Orientación do teu centro ou no Departamento de Servizos Sociais, sito na Avda. do Peirao.



DATOS PERSOAIS E FAMILIARES

NOME E APELIDOS:		DATA DE NACEMENTO:
TELÉFONO/S de contacto:	ENDEREZO:	
NOME DO PAI/NAI/TITOR/A:		
CENTRO EDUCATIVO:	CURSO ESCOLAR:	
OUTROS DATOS DE INTERESE:		

AUTORIZACIÓNS:

_____, con
DNI _____ acepto participar no programa.

Sinatura:

_____, con
DNI _____, actuando como titor/a legal de _____,
autorízoo/a a participar no programa.

Sinatura: